



D. Javier Jorge Castiñeira, Alcalde-Presidente do Concello de Foz:

## **FAI SABER:**

Estando xa próxima a celebración da noite de **San Xoán e San Pedro**, na que é tradicional o acendido de innumerables fogueiras, e en prevención dos prexuízos que a persoas e bens públicos ou privados se puideran producir, establécense as seguintes normas ás que deberán axustarse as tradicionais fogueiras para festexar o lume novo:

1ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, fedorentos ou tóxicos.

2ª.- As fogueiras non poderán facerse e lugares próximos á liña eléctrica, inmobles, zonas verdes ou xardíns, e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo.

3ª.- Non poderá iniciarse a fogueira se as condicións meteorolóxicas dificultan o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se acesa a fogueira aparecera vento, suspenderase inmediatamente e procederase á apagar o lume.

4ª.- Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e non se observasen chamas ou brasas. E contar co material necesario para o seu control

5ª.- O responsable ou responsables e os organizadores de cada fogueira deberán retirar do lugar de celebración todos os restos que queden unha vez rematada a queima.

6ª En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, procederase a sufocar de inmediato a fogueira polo Servizo de Extinción de Incendios.

7ª.- As comunicacións da realización das fogueiras faranse no **TLF. 982.133.159** ou na **OFICINA DE MEDIO AMBIENTE, CENIMA**, Avd da Ribeira s/n. HORARIO 9:30h A 13:30h.

**O prazo para presentar as anteditas comunicacións neste Concello, remata ás 13:30 horas do vindeiro día 20 de xuño.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Foz, 1 de xuño de 2017

O ALCALDE,

D. Javier Jorge Castiñeira